

## UNHA OLLADA Á MURALLA MEDIEVAL DE PONTEVEDRA: ACTUACIÓNS ARQUEOLOXICAS NAS RÚAS MICHELENA E FERNÁNDEZ VILLAVERDE

Por Eduardo RODRÍGUEZ SAIZ

Arqueólogo profesional

**Abstract:** In this article are presented the results of the archaeological interventions in Michelena and Fernández Villaverde streets, both located in the historical part of Pontevedra. As a result of these work, a fragment of the city-wall form XIVth century and a reform from XVIIth century were documented. Both were associated to stratigraphic levels of anthropic and natural origin.

**Keywords:** Medieval urbanism. Modern urbanism. Defensive structures.

### 1. INTRODUCCIÓN: NATUREZA E XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN

Incluídos no plan xeral de obras dentro do Centro Histórico de Pontevedra, promovidas polo Urban II e o Concello de Pontevedra, e consistentes na canalización de instalacións e substitución dos vellos pavimentos, entre marzo e xuño de 2002 acometérónse os traballos na rúa Fernández Villaverde, limitada ó leste pola confluencia entre a rúa Manuel Quiroga e a praza de Curros Enríquez, e polo oeste pola rúa Michelena (**Lámina 1**).

Lembremos que o Centro Histórico de Pontevedra figura no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia coa clave de identificación GA36038013, e que se atopa protexido no ámbito do P.X.O.U.<sup>1</sup> municipal. Tendo en conta a existencia desta cautela patrimonial, o Concello de Pontevedra contrata

---

<sup>1</sup> No seu Título VIII especificase que a protección dos xacementos arqueolóxicos incluídos no Plan estendese a un radio de 500 mts. ó redor dos mesmos, sendo necesario informe da Comisión Territorial de Patrimonio para calquera construcción ou remoción de terras que se efectúe neste sector.

á sociedade Anta de Moura, S.L. a redacción do Proxecto de Intervención (CASTRO CARRERA 2002) e a súa posterior execución (RODRIGUEZ SAIZ 2002a), atendendo á lexislación vixente na área patrimonial.

A principal referencia histórica e arqueolóxica coa que contabamos, a priori, no ámbito da intervención era o trazado da segunda ampliación da muralla medieval da cidade (realizada no primeiro tercio do século XIV) na confluencia entre as rúas Fernández Villaverde e Michelena.

O seu trazado nesta última era coñecido dende un punto de vista arqueolóxico trala documentación dun tramo no nº 20 desta rúa (JUEGA PUIG-PEÑA SANTOS-SOTELO RESURRECCIÓN 1995, 49), pero sobre todo, por documentación planimétrica antiga. (Na obra JUEGA PUIG-PEÑA SANTOS-SOTELO RESURRECCIÓN 1995 se fai a compilación polo de agora mais exhaustiva de todo o repertorio documental existente en torno á cerca medieval; así, se reproducen diversos planos antigos nos que se presenta o trazado da muralla na actual rúa Michelena: Rodríguez Moñiz a finais do XVI; Casto Sampedro a finais do XIX; García de la Riega a comezos do XX; etc).

## 2. ACTUACIÓNS ARQUEOLÓXICAS NO MARCO DAS OBRAS CIVÍS.

A metodoloxía inicialmente utilizada foi a de control e seguimento das remocións que se estaban a facer na rúa obxecto de estudio, actuación que se levou a cabo con total normalidade, ata localizar na confluencia de Michelena con Fernández Villaverde os restos duns alicerces que poderían corresponder —así o pensabamos inicialmente— á muralla medieval.

Os identificamos como restos desta estructura casque por eliminación: estabamos no sitio exacto onde a hipotética traza da muralla tiña que xurdir. De tódolos xeitos, nos chamaba a atención ó austero da súa fábrica: cun aparello moi bosto, á súa anchura era duns 1,5 mts. (mentres que o normal, segundo o observado nouros lugares do Centro Histórico é que sexa de entre 2 e 2,5 mts.).

Chegados a este punto do control de obras, xurdiu o conflicto patrimonial que desencadeou a escavación en area: por condicións ineludibles das obras era inevitable recanalizar as instalacións de fecais e pluviais a unha cota de -3 mts. dende a rasante da rúa, cando os restos aparecían a menos dun metro dende a superficie dos pavimentos. Estas remocións suporían a escavación de niveis en posición primaria, a maiores dunha desmontaxe puntual e parcial desta estructura.

Neste instante, se plantexa a necesidade de deseñar unha segunda intervención, xa más exhaustiva, consistente na escavación en area da traza que ían seguir as gabias de fecais/pluviais a ámbolos lados da muralla. No Proxecto de Intervención desta nova actuación (RODRIGUEZ SAIZ 2002b) se contemplaba a existencia dun posible segundo sector de intervención na zona extramuros, ante a posibilidade de que xurdira algúun outro tipo de elemento defensivo relacionado coa cerca —principalmente pensabamos na existencia dun foxo—. Unha vez

rematada a intervención (realizada entre abril e maio de 2002), se continuaría coa metodoloxía de control das remocionés.

Tras proceder á escavación en area (no que chamaremos *Sector 1*), á documentación arqueolóxica (descripción, planimetria e fotografía) dos alicerces achados, e á desmontaxe manual, previa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, se deu por rematada esta puntual actuación en area e se continuou co seguimento das obras.

Coa reanudación do control, e a penas a 0,5 mts. ó sur, nos atopamos cos restos doutros alicerces, esta vez cunhas características e entidade estructural que non nos facían dubidar de que se tratava: a muralla medieval do XIV. A dúbida que nos asaltaba neste intre era, ¿os outros restos anteriormente documentados, que eran?

De novo foi necesario troca-la metodoloxía da intervención, voltando a facer unha pequena escavación en area, nesta caso no *Sector 2*, nunha zona extramuros. (Coa escavación do *Sector 1* e o control dos 0,5 mts. lineais dende este sector ata atopar a cerca medieval, xa se acadara a cota necesaria para as obras na zona intramuros). Tralo remate da escavación neste sector, e unha pequena desmontaxe moi localizada da muralla medieval para dar saída á tubería de fecais, prosigue o control xa na rúa de Michelena e no extremo norte da rúa Xeneral Gutierrez Mellado, confluencia na cal rematan as obras. (RODRIGUEZ SAIZ 2002c).

### **3. DESCRICIÓN ARQUEOLÓXICA-ESTRATIGRÁFICA. ¿CÓMO SE FORMOU O XACEMENTO?**

A escavación en area se dividiu en dous sectores dunhas dimensións un tanto estrañas (no *Sector 1* escávase unha superficie de 4,5 x 1,4/1,6 mts, cunha profundidade de -5,63 mts. dende a cota 0 da intervención; e no *Sector 2* unha superficie de 2,5 x 1,4 mts, acadándose unha profundidade final de -3,7 mts. dende a cota 0). Estas dimensións responden á necesidade de adaptarnos as dimensións e profundidades propostas no proxecto de obra. (**Lámina 2**).

A estratigrafía está formada por 15 Unidades Estratigráficas, plasmacións de procesos tanto naturais como antrópicos. A continuación presentamos a secuencia estratigráfica documentada e un pequeno comentario sobre o rexistro arqueolóxico descrito. Na **Lámina 6**, relacionamos esta secuencia cos distintos períodos históricos cos que se corresponde.

#### **• U.E.R<sup>1</sup>.**

- *Características físicas:* Moi heteroxéneo, varía tanto na súa potencia e composición como nas tonalidades e as texturas.
- *Xénese:* Recheo antrópico de orixe contemporáneo.

- *Relacións estratigráficas:* Nivel de recheo baixo o pavimento, no que se mesturan diferentes aportacións de terras provenientes de canalizacións contemporáneas. Se documenta tanto no sector 1 como no 2.
- *Interpretación arqueolóxica:* Terras de recheo e cama do pavimento naquel intre existente. De época contemporánea. Se localizan un total de 38 fragmentos cerámicos<sup>2</sup> (datables dende o século XVI ata o XX), mais 2 vidros e 3 metais.
- **U.E R<sup>2</sup>.**
- *Características físicas:* Moi heteroxéneo, áinda que predomina o formigón e as grandes pedras probablemente provenientes da muralla medieval. Se relaciona con diferentes canalizacións e pozos de rexistro na confluencia entre Michelena e Fernández Villaverde.
- *Xénese:* Recheo antrópico de orixe contemporáneo, en épocas moi recentes –algunha delas a finais dos anos 90–.
- *Relacións estratigráficas:* No sector 2 afecta á totalidade dos niveis edáficos, chegando a apoiarse directamente tanto no paramento exterior da muralla medieval, como no pavimento de pedra a ela asociada. Se documenta tanto no sector 1 como no 2.
- *Interpretación arqueolóxica:* Niveis de recheo asociables a canalizacións contemporáneas.
- **U.E 11.**
- *Características físicas:* Taxea construída con pedras de granito dun tamaño medio, e cun reboque exterior.
- *Xénese:* Estructura contemporánea.
- *Relacións estratigráficas:* Posterior á U.E 10, e á estructura 1, na que ou ben se apoia, ou ben destruíu parcialmente. Se documenta tanto no sector 1 como no 2.
- *Interpretación arqueolóxica:* Taxea de pedra, construída a finais do século XIX.
- **U.E 10a.**
- *Características físicas:* Arxila grisacea-marrón, xabrenta, solta, pouco compacta.

---

<sup>2</sup>Quero expresar o meu agradecemento ó arqueólogo Vicente Caramés Moreira pola súa inestimable e desinteresada axuda á hora da adscrición cronolóxica de certos materiais cerámicos.

- *Xénese:* Recheo antrópico contemporáneo.
- *Relacións estratigráficas:* Baixo a U.E R<sub>1</sub>, e U.E 11. Se documenta tanto no sector 1 como no 2.
- *Interpretación arqueoloxica:* Materiais da caixa de cimentación da taxea contemporánea que descorre de leste a oeste.

• **U.E 10b.**

- *Características físicas:* Gabia da taxea.
- *Xénese:* Rebaixe antrópico contemporáneo.
- *Relacións estratigráficas:* Colmada pola U.E 10a. Se documenta tanto no sector 1 como no 2.
- *Interpretación arqueoloxica:* Gabia na que se constrúe a taxea, enhida coa caixa de cimentación.

• **U.E 1/Estructura 1. (Lámmina 2 e 3-I).**

- *Características físicas:* Alicerces dunha estructura cunha alañación noroeste-surleste, que neste tramo conserva unha lonxitude de 5,5 mts. cunha anchura máxima de 1,6 mts. Conserva ata 7 fiadas a soga e tizón, cun aparello moi pobre, moi mal artellado, que lle confire en xeral unha apariencia moi humilde e austera.

Tras face-la desmontaxe parcial da que foi obxecto, obtívose unha sección transversal da mesma, que revelou un paramento interior bastante mais potente e coidado que o exterior, no que se pode observar que as últimas fiadas de cimentación non acadan tanta profundidade como no interior; ademais, abunda o cascallo e a pedra pequena sobre o sillarexo existente na cara de dentro.

Este xeito de face-los alicerces ten a súa lóxica. No momento de facelo, se aproveita como asento estructural do paramento exterior os alicerces que alí xa existían: os da muralla medieval, por outra banda moi más recios que os que nese momento se estaban a plantear; mentres que no lado interior, ó apoarse a nova estructura sobre niveis de terras, foi preciso afondar mais e fortalece-la liña de alicerces.

- *Xénese:* Orixe antrópica.
- *Relacións estratigráficas:* Apoiase no nivel 2a. Se documenta soamente no sector 1.
- *Interpretación arqueoloxica:* Non está escavada en substrato, senón que baixo a súa última fiada continúa a sucesión estratigráfica que describimos. Nestes niveis anteriores se recolle material cerámico datable nos séculos XVI e XVII. Polo tanto, situamos a súa construcción a principios ou mediados do século XVII.

• **U.E 2a.**

- *Características físicas:* Arxila negruzca, compacta, homoxénea e uniforme. Con pequenas pedras e cascallo. A súa potencia varía entre 0,02 e 0,32 mts.
- *Xénese:* Antrópica.
- *Relacións estratigráficas:* Inmediatamente anterior á construción da estrutura 1, a modo de caixa de cimentación ou cama da mesma; apoiase na U.E 2b. Se documenta no sector 1.
- *Interpretación arqueolóxica:* Nivel relacionado coa construcción da estrutura 1, a modo de gabia de cimentación.

• **U.E 2b.**

- *Características físicas:* Caixa de cimentación da anterior estructura.
- *Xénese:* Orixe antrópica.
- *Relacións estratigráficas:* Apoiase no nivel 3. Se documenta soamente no sector 1.
- *Interpretación arqueolóxica:* Gabia de cimentación da estructura, escavando o nivel 3.

• **U.E 3.**

- *Características físicas:* Arxila grisacea (mais clara que U.E 2) lixeiramente areosa, compacta, homoxénea e uniforme. A súa potencia varía entre 0,84 e 1,1 mts.
- *Xénese:* Probablemente xurde por aportes antrópicos.
- *Relacións estratigráficas:* Baixo a U.E 2/2b, e apoiándose na U.E 4. Se documenta tanto no sector 1 como no 2.
- *Interpretación arqueolóxica:* Con materiais datables entre a segunda metade do XVI e —probablemente— principios do século XVII. Se recollen un total de 52 fragmentos cerámicos, mais 5 metais e 7 vidros. (**Lámina 5**).

• **U.E 4. (Lámina 3-II).**

- *Características físicas:* Pequena capa de xabre amarelento, con algunha pedra de tamaño medio; bastante compacta, é pouco homoxénea en canto á composición e distribución na superficie escavada. A súa potencia varía entre 0,02 e 0,1 mts.
- *Xénese:* Posible recheo de orixe antrópico.
- *Relacións estratigráficas:* Baixo a U.E 3, e apoiándose na U.E 5. Se documenta soamente no sector 1.

- *Interpretación arqueolóxica:* Poderíamos estar ante os restos dun pavimento de xabre. Como tese a favor desta posibilidade, temos a tanto a súa disposición mais ou menos horizontal cunha dispersión homoxénea, como a xénese non natural do estrato.

Evidentemente anterior á estructura do XVII, non resulta tan clara a súa relación coa muralla do século XIV. Estratigraficamente non se chegan a relacionar directamente (¿por mor dos procesos post-depositionais?), polo que as dificultades son maiores. Probablemente sexan contemporáneos —polo menos en canto ó seu uso—, xa que o suposto pavimento de xabre apoia no seguinte nivel (U.E 5), nivel no que tamén «apoian» os alicerces da muralla. Entrecomillamos «apoian», xa que é evidente que os alicerces dunha estructura como a muralla necesitarían estar aínda que fora minimamente soterrados, sendo insuficiente un «apoio». Esta hipotética caixa de cimentación, escavada no nivel 5, non conservou impronta no rexistro arqueolóxico —pola matriz excesivamente plástica dos estratos—.

En tódolos casos, sería claramente anterior á estructura 1, e posiblemente contemporáneo á estructura do XIV. Os niveis subxacentes non aportaron materiais arqueolóxicos de entidade que nos axudaran a respostar esta cuestión.

- **U.E 8-Pavimento exterior.**

- *Características físicas:* Pavimento feito con pedras de granito e seixo dun tamaño medio, coherdado por pequenos cantos de seixo ademais de xabre moi compactado. Non se chega a descubrir totalmente en extensión xa que continuaba, aparentemente, fora dos límites da nosa escavación en area. Na superficie deste pavimento se interrompe a escavación no sector 2 —ó haber conquerido a cota necesaria para as obras civís—, conservándose *in situ* o pavimento.
- *Xénese:* Orixe antrópica.
- *Relacións estratigráficas:* Estratigraficamente cuberto pola U.E 3 (con materiais modernos) e apoiándose na muralla medieval e na U.E 5, polo que resulta anterior á xénese daquel nivel de sedimentación natural e posterior á erección da muralla; isto nos fai pensar que puído ter uso na mesma época de funcionamento da muralla, en época medieval. Se documenta soamente no sector 2.
- *Interpretación arqueolóxica:* Pavimento posterior —dende un punto de vista estratigráfico— á construción da muralla do XIV, aínda que do mesmo período de utilización. En todo caso, datable entre o século XIV e mediados do XVI.

- **U.E 9-Muralla medieval. (Lámina 2 e 4).**

- *Características físicas:* Alicerces dunha estructura cunha alinación noroeste-surleste, cunha lonxitude de 8,2 mts. cunha anchura máxima de 2,5 mts.

Conserva ata 5 fiadas (na cara interior), cun aparelllo mais coidado que a reforma posterior, aínda que si ben resulta unha fábrica recia, o aspecto final é bastante bosto. Entre os dous paramentos, a soga e tizón, aparece un recheo feito con pedra mais pequena (cascallo), sen orden aparente, agás un nervio central en sentido lonxitudinal mais coidado, con pedras moito mais grandes.

- *Xénese:* Orixe antrópica.
- *Relacións estratigráficas:* Cuberto —estratigraficamente— pola U.E 3 (con materiais modernos), e parcialmente escavado na U.E 5. Non detectamos a presencia de caixa de cimentación —aínda que evidentemente tivo que existir no nivel 5—. Se documenta soamente no sector 2.
- *Interpretación arqueolólica:* Tramo de muralla medieval, correspondente á segunda ampliación do primeiro tercio do século XIV.

• **U.E 5.**

- *Características físicas:* Arxila negruzca bastante limosa, moi plástica, compacta e homoxénea. A súa potencia varía entre 0,58 e 0,62 mts.
- *Xénese:* Nivel de sedimentación natural.
- *Relacións estratigráficas:* Baixo a U.E 4, e apoiándose na U.E 6 e en substrato. Se documenta tanto no sector 1 como no 2.
- *Interpretación arqueolólica:* Nivel de sedimentación natural baixo aquel posible pavimento de xabre e anterior á muralla do XIV; se recollen 3 fragmentos cerámicos moi rodados que non ofrecen ningunha información crono-cultural.

• **U.E 6.**

- *Características físicas:* Arxila negruzca bastante limosa, moi plástica, compacta e homoxénea. Practicamente idéntica á U.E 5. A súa potencia é de 0,4 mts.
- *Xénese:* Nivel de sedimentación natural.
- *Relacións estratigráficas:* Baixo a U.E 5, e colmatando a U.E 7-Canle. Soamente se documenta no sector 1.
- *Interpretación arqueolólica:* Nivel de colmatación da canle escavada no substrato; o ter unha matriz idéntica a U.E 5, supoñemos que ten unha mesma orixe: sedimentación natural. Anterior ó século XIV.

• **U.E 7-Canle escavada no substrato. (Lámina 3-II).**

- *Características físicas:* Canle escavada no substrato, con sección en V redondeada no seu vértice, cunha anchura máxima de 0,48 mts, e unha

profundidade máxima de 0,4 mts. O tramo documentado (uns 0,8 mts), nos permite adiviñar unha alíñación noroeste-surleste.

- *Xénese:* Moi posiblemente orixe antrópico.
- *Relacións estratigráficas:* Colmatado pola U.E 6, e escavado no substrato.
- *Interpretación arqueoloxica:* Canle moi probablemente con orixe antrópica, pero colmada por un nivel de sedimentación natural. Anterior ó século XIV, áinda que sen materiais arqueolóxicos que nos axuden a precisar a adscrición cronoloxica.

Baixo niveis de recheo de orixe contemporáneo, e unha canalización de pedra de augas residuais —quizais de finais do XIX, cando se derruban as murallas da cidade—, aparece a estructura 1 (estructura do XVII), inserta no perfil sur da area escavada, como único resto estructural do sector 1. Posteriormente, a continuación do control e a escavación do sector 2 nos permitirá atopar a cerca medieval e relacionar as estratigrafías de ámbalas dúas estructuras (**Lámina 4**).

Relacionado co momento da súa construción, aparecen as U.E 2a e 2b, que en apoian —e en parte escavan— á U.E 3. Este nivel 3, con xénese por aportes antrópicos, contén materiais datables no XVI e XVII. Baixo el, aparece a U.E 4, pavimento de xabre probablemente contemporáneo á cerca medieval posteriormente localizada (¿zona de piso da rolda interior?). Esta U.E 4 apoia no nivel 5, sedimentación natural anterior ó XIV, que a súa vez colmata unha canle escavada no substrato de datación indeterminable.

No sector 2, o feito máis salientable é a documentación dun tramo da segunda ampliación da muralla medieval da cidade, feita no primeiro tercio do século XIV, neste caso asociado a un pavimento de pedras na zona exterior.

De especial relevancia resultara a relación entre as dúas estructuras. Ambas teñen unha disposición mais ou menos paralela, áinda que non chegan a estar en contacto directo: os seus paramentos están separados aproximadamente por uns 0,4/0,5 mts., pero con tendencia a que se solapen nalgún punto non afastado da nosa escavación, cara ó oeste.

Estratigraficamente, aparecen separadas pola U.E 3, nivel con materiais de mediados do XVI e de principios do XVII, sobre o que se constrúe a estructura 1. Pensamos que este nivel xurde pola contribución de terras orgánicas (cultivos, aportes de lixos,...) que se forman cara o paramento interior da muralla, e non pola existencia dun nivel de derrubo ou rotura da cerca medieval (U.E 3 é orgánico, homoxéneo, e casque limpo de pedras).

#### 4. RECONSTRUCCIÓN HISTÓRICA EN BASE Á INTERPRETACIÓN DOS DATOS ARQUEOLÓXICOS. ¿QUÉ SUCEDEU?

A partir da elaboración da documentación estratigráfica, podemos illar a presencia de varias fases arqueolóxicas que se corresponden con varias épocas históricas, dende momentos anteriores —e indeterminados— do século XIV ata finais do século XX.

##### - Niveis anteriores ó século XIV.

Atopamos varios estratos anteriores ó século XIV, aínda que non sabemos de que época nin, nos casos nos que se infire unha xénesis antrópica, a que responden.

Por unha banda, xusto por debaixo da muralla do XIV atopámonos coa U.E 5, estrato que foi parcialmente rebaixado durante os momentos de construción da cerca medieval. É un nivel estéril arqueolóxicamente —soamente contiña dous fragmentos cerámicos moi rodados e indeterminados, ademais dun fragmento de tella tipo «pais»— e orixinado por unha sedimentación natural.

Este depósito natural probablemente nos estea testemuñando a existencia dunha zona despoboada na que a sedimentación natural non atopa interrupcións pola acción da man do home (lembremos que a rúa Michelena tradicionalmente chamouse Poza das Ranas, facendo quizais alusión a terreos estériles e anegables). Cremos que esta zona da cidade, ata a súa inclusión dentro do entramado do século XIV, estaría totalmente fora dos dominios urbanos da Pontevedra medieval, sen sequera aproveitamento agrícola.

Por outra parte, na interfacies entre esta U.E e o substrato arxiloso evidenciamos a existencia dunha canle escavada no mesmo, e colmatado por un estrato de características praticamente idénticas ó nivel 5. Cunha orixe non natural e de cronoloxía altomedieval ou anterior, a cercanía do xacemento romano do solar nº 20 da rúa Michelena, a menos de 100 mts. ó surleste da nosa escavación en área (JUEGA PUIG-PEÑA SANTOS-SOTELO RESURRECCIÓN 1995, 49) nos podería levar a conjecturar unha posible orixe romana. Conxectura totalmente orfa de datos arqueolóxicos e base documental, por outra banda.

##### - Séculos XIV-XVI: A muralla medieval. (Láminas 2 e 4).

A segunda ampliación do recinto amurallado de Pontevedra ten lugar no primeiro tercio do século XIV, resultando un recinto de aproximadamente 1400 mts. de lonxitude, cunha superficie aproximada de 10 Ha. (JUEGA PUIG-PEÑA SANTOS-SOTELO RESURRECCIÓN 1995, 68)

A estructura definida por nos como U.E 9-Muralla medieval se corresponde con esta ampliación. Os seus alicerces están parcialmente escavados na U.E 5, sen chegar a estar en contacto co substrato.

Relacionado directamente con esta estructura está o pavimento de pedra (U.E 8), anexado ó paramento exterior da cerca defensiva nun intre indeterminado —áinda que situable entre o momento de construción da muralla e o século XVI—, data do comezo da formación da U.E 3, nivel que marca o abandono ou desuso desta soleira de pedra.

Quizais tamén relacionable coa muralla medieval este o pavimento de xabre na zona intramuros (U.E 4), inda que non chega a contactar directamente co paramento interno da cerca. (**Lámina 3-II**).

A favor desta tese temos, en primeiro lugar, a súa coincidencia dentro da secuencia estratigráfica xeral da intervención (baixo a U.E 3 e sobre a U.E 5). Por outra banda, outro punto de apoio para esta interpretación sería a súa posición e relacións topográficas. O pavimento interior de xabre está uns 0,7 mts. por baixo do exterior de pedra, o que a noso xuízo non resultaría unha diferencia moi excesiva tendo en conta a anchura do muro que os separaba —ata 2,5 mts—.

Pensamos que este pavimento de xabre se pode corresponder cunha zona libre que delimitaría a rolda interior pegada á cerca medieval. Franxa desocupada que nun momento dado, segundo o percibido no rexistro arqueolóxico, deixa de ter razón de ser: a formación dun nivel de terras —que probablemente obedeza a un depósito intencionado antrópico— contra o paramento interno nos indica que este sector da zona intramuros, nunha fase indeterminada, perde a súa función orixinal. Temos claro que non estamos ante un episodio de ruína da cerca —na U.E 3 non aparece resto algúun constructivo provinte da muralla medieval—, senón ante un aporte intencionado de terras (¿relacionadas cunha acumulación de lixos?) a partir do século XVI.

Esta perda da función defensiva orixinal que podemos extrapolar polo rexistro arqueolóxico despois do século XV (centuria por outra banda de especial axitación bélica en Galicia), ten correspondencia cos datos históricos: a fins do século XV a muralla perde o seu carácter defensivo, feito demostrable pola gran cantidade de documentos da época nos que se describen aforamentos dos terreos entre a muralla e a barbacana, dos andares superiores das torres das portas (JUEGA PUIG-PEÑA SANTOS-SOTELO RESURRECCIÓN 1995, 77, 81),...

Paralelamente, a balanza entre as funcións defensivas ou económicas da cerca se desequilibra cara ós asuntos mercantís: a súa misión básica será marcar un territorio —pechado neste caso polas murallas— no que poder exercer un control fiscal de tódalas transaccións comerciais, descartándose definitivamente —e salvo para casos puntuais— o uso defensivo.

- Reforma estructural do século XVII. (**Láminas 2 e 3-I**).

Escavada a súa caixa de cimentación naquel nivel que se empezaba a formar no século XVI —a U.E 3— e que colmataba o paramento interno da cerca medieval e os pavimentos asociables á mesma, se constrúe unha estructura moi mais austera que a muralla medieval, áinda que coincidente coa súa disposición. Se

ben na limitada superficie escavada en área as súas trazas non chegan a coincidir exactamente (a estructura do XVII está aproximadamente 0,5 mts. ó interior da medieval), pola traza de ámbalas dúas sí se pode adiviñar un veciño e próximo solapamento.

Respecto a ela, as dúas dúbidas principais que temos son a súa cronoloxía e a súa función.

Para data-la cronoloxicamente contamos, en primeiro lugar, o nivel sobre o que se escava a súa caixa, a U.E 3. Neste estrato, lembrémos, aparecen materiais do século XVI e comezos do XVII. O teito cronolóxico superior o da a taxea e a súa caixa de cimentación (U.E<sub>s</sub> 10a, 10b e 11), que rompen parcialmente esta estructura. Esta taxea se data no século XIX, despois do derrubo da muralla medieval da cidade.

Deste xeito, teríamos unha forquilla cronolóxica entre mediados do XVII e o século XIX. Nos inclinamos a aproximar a datación cara a mediados do XVII por unha sinxela razón: a ausencia total de materiais arqueolóxicos dos séculos XVIII e XIX na U.E 3. Se este nivel houbera seguido «ó aire», continuaría en progresiva formación ata que outro estrato posterior —xa fora estructura ou nivel de terra— ó tapara; nembargantes, semella que a mediados do século XVII cesa a súa formación, a tenor dos materiais arqueolóxicos nel depositados.

Sen ser unha explicación definitiva, nos semella a mais convincente, aínda que non falla de críticas: A mais evidente, ¿e si, por exemplo, ó construír o que nos consideramos como a estructura do XVII, tivera lugar un aterrazamento ou limpeza da zona que se houbese materializado nunha extracción da parte superior do nivel 3, con materiais hipoteticamente contemporáneos?...

En canto a súa función, se nos ocorren dúas explicacións fundamentais: a primeira, que esteamos ante os restos dunha estructura habitacional (vivenda ou similar); e a segunda, que poida estar relacionada (¿de que xeito?) coa muralla medieval.

Tomando como punto de partida a súa cronoloxía, o século XVII, creemos que podemos descartar a primeira das conjecturas. Ben é certo que nesta data xa a muralla perdera as funcións defensivas orixinais, pero pensamos que non ten sentido unha estructura adosada —literalmente— ó paramento interior; sobre todo cando semella que cara ó oeste as súas trazas converxerán nun punto non moi afastado.

Ademais, tanto dende un punto de vista documental como arqueolóxico se demostra a existencia na cidade de Pontevedra a partir do século XV ou ben de estructuras que reaproveitan a cerca como elemento estructural ou ben de aforamentos de elementos da mesma.

Dende un prisma arqueolóxico, xa tivemos oportunidade de comprobar cos nosos propios ollos, noutro sector do Centro Histórico da cidade, a perda da función defensiva da cerca, e a intrusión de elementos urbanísticos alleos invadindo espacios ata o século XV acotados como compoñentes do entramado

defensivo da muralla medieval. É o caso dos alicerces documentados no cruce das rúas Sarmiento-Cobian Roffignac e Padre Amoedo (RODRIGUEZ SAIZ 2003), pertencentes a un anexo do actual edificio Sarmiento e que segundo cartografía antiga da cidade corresponderían a unha «Fábrica de panas». Este inmóvel estaría arrimado ó paramento interno da muralla (quizá chegou a estar pegado ó mesmo), ó norte da porta de Santa Clara. Cando se derruba esta e se abren as actuais rúas de Padre Amoedo y Cobián Roffignac, desaparece para quedar enterrados ós seus alicerces baixo o firme actual.

Dende unha óptica documental, se constata a presencia dende fins do XV (JUEGA PUIG-PEÑA SANTOS-SOTELO RESURRECCIÓN 1995, 81) de documentos que testifican o costume de aforar terreos que mediaban entre a barbacana e a muralla, os andares superiores das torres das portas, ou o paseo de rolda da cerca.

Polo tanto, tomando como base documentación histórica e arqueolóxica, pensamos que non tería sentido adosar a maiores outra estructura no século XVII, se esta fora usada como vivenda, cando o lóxico sería reaproveitar a muralla como fachada traseira.

Por alusións documentais sabemos que xa desde a Idade Media a cerca pontevedresa sofre ou ben deterioros ou ben roubos de materiais para fins particulares que ocasionan modificacións e consolidacións, sobre todo a finais do XVII e comezos do XVIII. Quizais o vestixio atopado sexa a plasmación dun episodio desta natureza.

Para poder considerar a opción de que estamos ante un «parche» ou reforzo da muralla, temos que partir, en primeiro lugar, da coincidencia das alíñacións, ainda que no tramo obxecto do noso estudio non cheguen a solaparse ámbalas dúas estruturas. Como mais arriba indicamos, sí parece que, sobre todo cara a poñente, as dúas construcións tenden a converxer.

Tamén creemos significativo a endeblez dos alicerces desta estructura: se ben cara ó interior presentan un paramento cunha certa entidade, cara ó exterior, no paramento que da á muralla medieval, os alicerces volvense más fráxiles, xa que a fábrica da cerca medieval semella darlle cohesión e forza estructural á construción do XVII. Ademais, neste século xa perdeu casque completamente a súa función defensiva.

Polo tanto, e como conclusión imos resolver que estamos ante un «parche» ou reparación puntual do século XVII da muralla orixinal do XIV, por causas, dende un punto de vista arqueolóxico, indeterminables.

#### **- Desenrollo do entramado urbanístico no XIX.**

Esta secuencia descrita ata o XVII se ve rota no século XIX coa construción dunha taxea de augas residuais que dende Michelena baixa en dirección á praza de Curros Enríquez.

A referencia cronolóxica fundamental ten que ser o momento de derribo das murallas na segunda metade do XIX, medida urbanística que fai que o espacio quede despeorado para a canalización da taxea.

Para esta mesma taxea temos outra datación relativa na praza de Curros Enríquez: os alicerces que se conservan do Hospital de San Juan de Dios, datados a partir do século XVIII, aparecen rotos por ela, sendo estes evidentemente posterior a este século (RODRIGUEZ SAIZ 2002d).

#### **- Instalación de servicios soterrados no século XX.**

A partir de mediados do século pasado este cruce sufre o impacto do soterramento de varias instalacións (saneamentos, cableado de telecomunicacións, abastecemento de augas, gas cidade,...), afectando dun xeito desigual ós restos conservados.

Probablemente dos anos 60 é a tubaria de gres que parcialmente rompe a estructura medieval. Para a súa instalación desmontaron parcialmente a muralla polo seu interior, mentres que polo seu exterior artellaron unha solución que dende un punto de vista patrimonial resultou idónea (¿A buscarían intencionadamente, ou foi a solución mais cómoda?): Fixeron unha «fiestra» no lenzo do muro, conservando por riba tres fiadas en posición primaria, sen que así fora necesario acomete-la desmontaxe total da mesma. Deste xeito, conseguiuse face-lo pase dende Michelena ata Fernández Villaverde cun impacto mínimo sobre os restos.

Varias instalacións posteriores afectaron á zona, sendo as derradeiras remocións a finais dos anos 90 do século pasado, e afectando nalgún caso de xeito severo ós restos arqueolóxicos: como o caso da gabia para a canalización dunha tubaria de P.V.C. que descorre xusto por riba da cerca medieval, destruíndo-a en parte.

As obras municipal no marco das cales se contextualizan as actuacións aquí presentadas supoñen a derradeira actuación urbanística no contorno da muralla neste sector do Centro Histórico (e a primeira que se fai con seguimento arqueolóxico). Exceptuando as pequenas desmontaxes puntuais que se produciron nas dúas estruturas (a medieval e a do XVII), o resto dos vestixios descansan baixo os actuais pavimentos entre Michelena e Fernández Villaverde.

Como colofón ós traballos de renovación de servicios soterrados, e tal como estaba previsto no proxecto de obras, se procedeu a sinalar nos novos pavimentos a traza da cerca medieval ó seu paso por este lugar do Centro Histórico, exhibindo e facendo público ó concxunto da sociedade o coñecemento histórico e urbanístico xerado por unha obra público e o seu conseguinte seguimento arqueolóxico.

## BIBLIOGRAFÍA

- CASTRO CARRERA, Juan C. (2002): *Proxecto de control arqueolóxico das obras de canalización de instalacións e pavimentación da rúa Fernández Villaverde, Centro Histórico da cidade de Pontevedra*. Inedito, depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- JUEGA PUIG, J.; PEÑA SANTOS, A. de la; SOTELO RESURRECCIÓN, E. (1995): *Pontevedra, villa amurallada*. Diputación Provincial de Pontevedra.
- RODRIGUEZ SAIZ, E. (2002a): *Informe Valorativo do control arqueolóxico das obras de canalización de instalacións e pavimentación da rúa Fernández Villaverde, Centro Histórico da cidade de Pontevedra*. Inedito, depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- RODRIGUEZ SAIZ, E. (2002b): *Proxecto de Intervención dos traballos de escavación en area na intersección das rúas Michelena e Fernández Villaverde, no ámbito das obras de canalización de instalacións e pavimentación da rúa Fernández Villaverde, Centro Histórico da cidade de Pontevedra*. Inedito, depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- RODRIGUEZ SAIZ, E. (2002c): *Informe Valorativo dos traballos de escavación en area na intersección das rúas Michelena e Fernández Villaverde, no ámbito das obras de canalización de instalacións e pavimentación da rúa Fernández Villaverde, Centro Histórico da cidade de Pontevedra*. Inedito, depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- RODRIGUEZ SAIZ, E. (2002d): «El Hospital de San Juan de Dios en Pontevedra: un acercamiento arqueológico» *El Museo de Pontevedra*, nº LVI.
- RODRIGUEZ SAIZ, E. (2003): *Memoria Técnica dos traballos de control arqueolóxico das obras de canalización de instalacións e pavimentación de diversos espacios públicos do Centro Histórico da cidade de Pontevedra: praza de Méndez Núñez, rúa Sarmiento, praza da Verdura e rúa San Sebastián*. Inedito, depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.




LÁMINA 1: Situación da área de actuación arqueolóxica dentro do Centro Histórico de Pontevedra.




LÁMINA 2: Planta xeral da intervención en área, cos dous sectores de escavación e as dúas estruturas localizadas (muralla do XIV e reforma do XVII).

Rodríguez Saiz, E.




LÁMINA 3: I. Planta da estrutura do XVII, desde o Oeste.  
II. Planta final da escavação no sector 1dende o Sur.




LÁMINA 4: Sección da estructura do XVII e a súa relación estratigráfica coa muralla do século XIV.  
Planta da muralla medieval.





LÁMINA 5: Materiais arqueológicos do século XVI-XVII.



**LÁMINA 6: Secuencia estratigráfica da intervención en área e a súa correlación con diferentes períodos históricos.**